



BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACCIÓNS NO EIDO DA EDUCACIÓN PARA O ANO 2025 (CURSO ESCOLAR 2024-2025)

EXPTE. 1798/2025

LIMIAR:

As presentes bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións para o curso escolar 2024-2025, estarán suxeitas á Lei 38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións, o R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 e demais normativa de aplicación.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E PROGRAMAS SUBVENCIONABLES E NON SUBVENCIONABLES.

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de libre concorrència para fomentar as actividades que no eido da educación e todas as súas facetas, promovan as asociacións e entidades sen fin de lucro, que poidan ser consideradas de interese social para o Concello do Porriño, dirixidas á poboación en idade escolar e de aplicación para o presente curso escolar 2024-2025. As asociacións de nais e pais deberán promover fundamentalmente, actividades extraescolares de carácter periódico fora do horario escolar que, dalgún xeito, complementen a formación socio-cultural dos nenos.

Esta convocatoria tramitarase de conformidade co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparativa e prelación das solicitudes presentadas.

Programas subvencionables:

- 1.- Actividades extraescolares de carácter periódico fora do horario escolar.
- 2.- Aula Madruga.
- 3.- As excursións de carácter socio-cultural que se programen durante o curso escolar poderanse considerar como actividades subvencionables ata o límite de 1.000 euros por asociación unha vez deducidos os ingresos que perciban as familias ou de calquera outro axente financiador polo mencionado concepto. Será a comisión avaliadora a que someterá a consideración a clasificación das excursións que se programen como actividade subvencionable a incluír na presente convocatoria.

Programas non subvencionables:

- 1.- Non serán subvencionables os premios de estudos en metálico ou especie, nin as posibles aportacións de material escolar para o centro de estudos ou alumnado.
- 2.- En ningún caso se considerarán gastos subvencionables dentro do ámbito da presente convocatoria os gastos por adquisición de bens móbiles





ou calquera outro tipo de investimento agás os materiais de carácter funxible imprescindibles para o normal desenvolvemento das actividades.

3.- Aínda que poderán ser incluídos na conta xustificativa os gastos da asociación relativos a administración, xestión e oficina, non serán obxecto de subvención.

4.- Así mesmo, non serán gastos subvencionables os fixados no artigo 31 da Lei 38/2003 citada.

2.- BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as Asociacións de Nais e Pais dos centros educativos sostidos con fondos públicos situados no termo municipal do Porriño e con destino a promover actividades que beneficien a todo o alumnado do centro escolar.

Non poderán ser destinatarios de subvencións:

- Aquelas entidades que non se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais, co Concello e coa Seguridade Social.
- Actividades que non cumpran algún requisito das presentes Bases.

En xeral, pola concorrencia dalgunha das circunstancias enumeradas nos apartados 3 e 4 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.- LÍMITE DAS SUBVENCÍONS E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS.

A contía da subvención estará en función do custo dos programas e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente estes. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva supoña o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos.

4.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Destinarase un importe máximo de 25.000,00 euros que se imputarán á partida 323.4800000.

5.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGARÁ.

As asociacións, entidades ou interesados en obter subvencións, deberán solicitalo mediante a presentación da documentación que se sinala de seguido:

1.- Instancia individualizada (achégase modelo) asinada polo peticionario ou, no caso de persoas xurídicas, polo representante legal con representación debidamente acreditada. A tal efecto á solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Copia DNI da presidenta/e da asociación





- Estatutos da entidade
- Composición actual da xunta directiva

2.- Declaración responsable da persoa que actúe en representación da entidade peticionaria de que ostenta a capacidade necesaria e suficiente para asumir os compromisos que as presentes bases reguladoras imponen á entidade beneficiaria da subvención que constitúe o seu obxecto. (ANEXO I)

3.- Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF) no caso de persoas xurídicas e número de identificación fiscal (NIF) no suposto de persoas físicas

4.- Os datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención debidamente certificada pola entidade bancaria.

5.- Certificado do representante legal da entidade solicitante no que consten as subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, coa expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade. (ANEXO II)

6.- Certificado do centro escolar do número de nenas/os matriculados no presente curso. (ANEXO III)

7.- Declaración responsable da imposibilidade de realizar a actividade de non ser beneficiario de subvención do Concello.(ANEXO IV)

8.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determinan a imposibilidade de ser beneficiario de subvencións públicas conforme á normativa reguladora das subvencións. (ANEXO V)

9.- Declaración de non ter pendente de reintegro ningunha subvención co Concello do Porriño.(ANEXO V)

10.- Declaración responsable de non ser debedor coa Facenda estatal e autonómica nin á Seguridade Social , conforme o disposto no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. (ANEXO V)

11.- Certificado do ORAL de atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa facenda municipal. Este certificado xestionarase de oficio polo propio Concello.

12.- Calquera outras documentación que, xustificadamente, sexa requirida polo órgano instrutor do procedemento de concesión a que se refire a cláusula nº 8.

6.- PRESENTACIÓN E PRAZO.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, toda a documentación deberá presentarse a través de medios electrónicos. Establécese o prazo de UN MES para a presentación dos proxectos contado dende o día seguinte ao da publicación do extracto das presentes bases no B.O.P.

A instrutora do procedemento comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa necesaria e, si se precisase, requirirá para que no prazo de dez días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68 da Lei 39/2015 citada) coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistida a súa petición mediante





resolución que deberá ditarse nos termos do artigo 21 do mesmo texto legal.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado levará aparellada a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións que deban emitir a AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e facenda local a través do ORAL, como órgano delegado para a xestión tributaria municipal.

7.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES.

As subvencións teñen carácter voluntario e polo tanto, non existe obriga de conceder axudas a todas as solicitudes que se presenten e cumpran os requisitos das bases da convocatoria.

Subvencionarase ata o 60% do importe do proxecto presentado, establecéndose un máximo individual de 5.000 euros.

Esta porcentaxe máxima de subvención non operará para a actividade de Aula Madruga na que o importe máximo a subvencionar será do 80% do custe total da actividade IVE engadido ou de 1.500 € por centro educativo.

Por parte do órgano instrutor detraeranse daqueles expedientes nos que se inclúen conceptos non subvencionables o seu importe. O resultante da operación servirá de base para o cálculo do importe a subvencionar. Destes aspectos informarase por escrito á comisión cualificadora.

No caso de que, en aplicación dos criterios antes sinalados, se supere o crédito orzamentario previsto para a presente convocatoria, o importe das subvencións a conceder diminuírase proporcionalmente entre os proxectos presentados.

8.- INSTRUCCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á técnico de xestión económica, ou persoa que legalmente a substitúa.

Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

As actividades de instrución comprenderán:

- Petición de cantos informes estime necesarios ou aqueles que sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións. Todos serán emitidos nos prazos regulamentarios para resolver.
- Avaliación das solicitudes ou peticións, realizada segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nas bases da convocatoria.
- Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión cualificadora deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

A instrutora, tendo en conta o expediente e o informe da comisión cualificadora, formulará unha proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificárselles ás persoas interesadas e mediante a publicación no taboleiro de anuncios do Concello. Concederase un prazo de dez días para presentar alegacións, ou a solicitude de





reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención que se propón outorgar.

Examinadas as alegacións, de ser presentadas polos interesados, a persoa instrutora formulará proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala. Ao expediente engadirase informe da técnica de xestión económica no que conste que da información levada a cabo se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereitos a favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se realice a notificación da resolución definitiva da concesión.

O estudo e, de ser o caso, a concesión ou denegación de axudas económicas, realizarase tralo estudo do bloque de solicitudes presentadas.

9.- COMISIÓN CUALIFICADORA.

A comisión cualificadora estará composta pola alcaldía-presidencia, a Concellería de Educación e a Concellería de cultura, e con voz pero sen voto a instrutora, ou persoa que legalmente a substitúa que actuará como secretaria da Comisión.

10.- RESOLUCIÓN.

Unha vez que realicen todos os trámites relacionados con cada solicitude, a Comisión Cualificadora elaborará proposta de resolución que, logo do informe de Intervención, serán resoltas polo órgano competente no procedemento concedendo ou denegando a subvención.

Na resolución, caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención, forma de pago e condicións nas que se outorga.

De non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación da solicitude, entenderase desestimada.

A resolución pon fin a vía administrativa.

11.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo dun mes seguinte á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas éstas, expresa ou tácitamente, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas, realizando as actividades obxecto da acción de fomento nos prazos sinalados.

Ademáis serán obrigas dos beneficiarios destas subvencións:





- a) Colaborar activamente no proceso de xestión e abono das axudas e destinalas aos fins para as que foron concedidas, procedendo ao seu reintegro en caso contrario.
- b) Facilitar toda a información que fose requirida pola Concellería de Educación, Servizo de Intervención municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- c) Autorizar ao órgano xestor a realizar as comprobacións necesarias sobre cumprimento de obrigas tributarias e seguridade social.
- d) As demais obrigas especificadas na normativa reguladora das subvencións públicas.

12.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS.

A concesión de subvencións será publicada no taboleiro de anuncios do Concello, no Portal de Transparencia e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

13.- COBRO E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

Poderase percibir ata o 80% do importe total concedido como anticipo de fondos, aboándose o 20% restante unha vez acreditado o cumprimento da finalidade para a que se solicitou a subvención e **sempre xustificándose como data límite o 6 de outubro de 2025**, debéndose xustificar coa aportación telemática dos seguintes documentos:

Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo. (Anexo VI)

Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral (TCs, cartas de pago, etc.) e acreditación do pago mediante transferencia bancaria que será o único tipo de xustificante admitido. Non se admitirán pagos realizados en metálico, en ningún caso.

Relación dos ingresos que financian a actividade, acreditando o seu importe e procedencia.

Exemplares de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade.

Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica así como coa Seguridade Social (Anexo VII)

Os beneficiarios veñen obrigados a xustificar o importe total do proxecto presentado e que serviu de base para facer o cálculo da subvención concedida. No caso de que o proxecto realizado teña un custo inferior ó inicialmente previsto e sempre que non supoña unha realización inferior ó 30% do mesmo, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total. No suposto de incumprimento do proxecto por debaixo do 30%, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención ocasionando a perda da mesma na súa totalidade e reintegro das cantidades percibidas como entregas a conta, sin perxuízo da aplicación do réximen sancionador disposto nas normas de xeral aplicación.





15.- CONTIDO E REQUISITOS DAS FACTURAS.

Primeiro: As facturas que se acheguen como xustificantes da subvención deberán estar datadas no período que abrangue dende o inicio do curso escolar 2024-2025 (mes de setembro de 2024) ata o remate de dito curso escolar (mes de xuño de 2025), sendo a data límite de presentación da conta xustificativa o 6 de outubro de 2025 anteriormente sinalado.

Segundo: O contido das facturas se axustará ao establecido no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e entre outros conterá:

- a) Número, e no seu caso serie da factura.
- b) Data e lugar de expedición do documento.
- c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir a factura como o do destinatario das operacións.
- d) Número de Identificación Fiscal atribuído pola Administración tributaria española ou, no seu caso, pola doutro estado membro da Unión Europea del que ha realizado la operación o obrigado á expedición da factura. Así mesmo o Número de Identificación Fiscal do destinatario.
- e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
- f) Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible do Imposto e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no mencionado prezo unitario.

Terceiro: Documentación acreditativa do pago.

Consistirá na aportación, xunto con cada factura, de copia da transferencia bancaria efectuada, que será o único modo de acreditar o pago.

Cuarto: No suposto de que a subvención teña como destino o pagamento de persoas físicas que prestan servizos retribuídos, a entidade beneficiaria ven obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe. Os pagos ao persoal retribuído coa súa pertinente retención xustificaranse a través da nómina correspondente, acompañada dos TC.

16.- REINTEGRO DE SUBVENCIONES.

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade nos termos contemplados nas presentes Bases, o Concello esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

17.- PROCEDIMIENTO SANCIONADOR.

O procedemento sancionador será o disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

18.- RECURSOS.





Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido no art. 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos art. 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 3 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo de un mes segundo establece o art. 124 da citada Lei 39/2015. No caso de silencio administrativo estarase ao establecido no art. 24 do mesmo texto legal.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso axustado a Dereito que os interesados estimen procedente.

(asinado dixitalmente á marxe na data expresada)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

ANEXO I

D/D^a
co D.N.I.nº _____ en calidade de _____,
da entidade _____ co CIF nº _____

Declaro baixo a miña responsabilidade que, de conformidade co acordado na _____ (Ordinaria/Extraordinaria) celebrada o día _____ ostento a presidencia da asociación polo que, según os estatutos da mesma teño capacidade necesaria e suficiente para asumir os compromisos que as presentes bases reguladoras impoñen ás entidades beneficiarias da subvención que constitúe o seu obxecto.

No Porriño a _____





Concello do Porriño

O representante legal,

Asinado:





Concello do Porriño

ANEXO II

D/D^a _____, con D.N.I.

En calidade de _____, da entidade

Con CIF _____ e domicilio social en

CERTIFICO

Que a entidade _____, para as actividades extraescolares do presente curso 2024-2025, solicitou as seguintes subvencións:

--

Das que foron concedidas:

--

1. Non solicitou ningunha subvención.

E comprométese a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación desta solicitude.

E para que así conste, asino o presente certificado no Porriño, a _____ de _____ de 2025.

O representante legal,

Asdo./

ANEXO III





Concello do Porriño

D/D^a _____, con D.N.I.

En calidade de _____, da entidade

Con CIF _____ e domicilio social en

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que o número total de beneficiarios, directos ou indirectos, das actividades a subvencionar é de _____ nenos.

O Porriño, _____ de _____ de 2025.

O representante legal,

Asdo.

ANEXO IV

D/D^a _____, con D.N.I.

En calidade de _____, da entidade

Con CIF _____ e domicilio social en





Concello do Porriño

DECLARO:

Que a entidade que eu represento estaría imposibilitada de facer fronte aos gastos das actividades de non ser beneficiaria da subvención do Concello do Porriño.

E para que así conste, asino a presente declaración.

O Porriño, de de 2025.

DECLARACIÓN RESPONSABLE .-ANEXO V

D.:

Con D.N.I. nº:

Actuando en nome e representación de:

Con C.I.F. nº:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE :

1.- Non estar condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.





2.- Non ter solicitado a declaración de concurso, non ser declarado insolvente en calquera procedemento, non atoparse en declaración de concurso, non estar suxeito a intervención xudicial ou ser inhabilitado segundo á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de calificación do concurso.

3.- Non dar lugar, por causa de declaración de culpabilidade, á resolución firme de calquera contrato celebrado ca Administración.

4.- Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras persoas xurídicas, en algún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño do Réximen Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule esas materias.

5.- Atoparse ó corrente no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

6.- Non ter residencia fiscal no país ou territorio calificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

7.- Atoparse ó corrente do pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

8.- Non ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións según a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións ou a Lei Xeral Tributaria.

Advertido das responsabilidades legais que se derivan na falsedade de documentos administrativos asino a presente declaración,

No Porriño a, **de 2025**

O Declarante,

ANEXO VI.-

MEMORIA EXPLICATIVA DAS ACTIVIDADES DO CURSO ESCOLAR 2024-2025

D/D^a
en calidade de , da entidade
presenta memoria relativa ás actividades extraescolares realizadas :

ACTIVIDADE	GASTOS	INGRESOS ALUMNOS	APORTA ANPA
------------	--------	---------------------	----------------





Concello do Porriño

ANEXO VII.-

D.:

Con D.N.I. nº:

Actuando en nome e representación de:

Con C.I.F. nº:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a Asociación que presido e da que ostento a súa representación legal NON ten débedas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin coa





Concello do Porriño

Delegación de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, nin é debedora fronte á Seguridade Social nin coa facenda local.

AUTORÍZASE EXPRESAMENTE ao Concello do Porriño a facer as comprobacións necesarias nas bases de datos de ditos organismos.

E para que conste, de conformidade co disposto no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia asino a presente declaración.

No Porriño a
O REPRESENTANTE LEGAL,

Asdo:

SOLICITUDE DE AXUDA PARA ACTIVIDADES NO EIDO DA EDUCACIÓN CURSO ESCOLAR 2024-2025

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL			
DOMICILIO SOCIAL:		CIF:	
LOCALIDADE	PROVINCIA	C. POSTAL	
TELÉFONO	FAX		





Concello do Porriño

DATOS DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS

DNI/CIF

TELÉFONO

Vistas as bases da convocatoria de subvención publicada no BOP nº , de data ____ de _____ de 2025

SOLICITO:

Que sexa admitida a trámite a solicitude de axuda, para o que se achegan os seguintes documentos :

(especificar documentos que se achegan)

E declaro baixo a miña responsabilidade que son certos tódolos datos que figuran na presente solicitude, así como na documentación que se acompaña e que a entidade solicitante:

- ☐ Está validamente constituída
- ☐ Carece de fins de lucro no desenvolvemento da súa actividade
- ☐ Desenvolve as súas actividades total ou parcialmente no termo municipal do Porriño
- ☐ Está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello do Porriño
- ☐ Non ten pendente de reintegro ningunha subvención concedida polo Concello do Porriño.

O Porriño,

O REPRESENTANTE,

Asdo.:

